

DEMANDAS FUNDAMENTAIS DAS ONG PARA A DIRECTIVA MARCO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

VOTA POR UNHA SOCIEDADE RECICLADORA GARANTINDO A DIRECTIVA MARCO PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS:

- Inclue un obxectivo da U.E. de **niveles de reciclaxe mínimos dun 50%** para residuos sólidos municipais e **dun 70% para os residuos industriais**, de manufacturas e de construción e demolición para o 2020.
- Inclue un obxectivo claro de prevención de residuos para o 2012 e un mecanismo para establecer maiores reducións no futuro.
- Non permite a re-clasificación de **incineradoras municipais como unha operación de “recuperación”**.
- Establece un **Foro de Consulta sobre Residuos** para permitir a todos os implicados traballar xuntos para mellorar a implementación dunha lexislación sobre residuos na U.E.
- **Evita calquer escapatoria**, como pode ser unha definición ampla de “productos derivados” – materiais que escaparían a calquer regulamento baixo as leis sobre residuos. Tales decisións deberían levarse a cabo a nivel de U.E. para reducir riscos na saúde pública e no medio ambiente.

A reciclaxe e a prevención xogan un papel importante na xestión sustentable dos recursos e na loita contra o cambio climático. A U.E. está comprometida para chegar a ser unha “sociedade recicladora”, o cal require obxectivos claros sobre a prevención de residuos e a reciclaxe.

No 2008,

DETÉN OS RESIDUOS! VOTA POLA RECICLAXE!

Para máis información, visita os sitios web de EEB e FOEE EN

<http://www.eeb.org/activities/waste/index.htm>

http://www.foeeurope.org/activities/waste_management/

Contactos:

Natalie Cliquot, European Environmental Bureau

Natalie.cliquot@eeb.org

Dr. Michael Warhurst, Friends of the Earth Europe

Michael.warhurst@foe.co.uk

A RECICLAXE ESTÁ NA INTERSECCIÓN ENTRE OS RESIDUOS, O CLIMA E AS ÁREAS DE POLÍTICAS DE RECURSOS

- A reciclaxe posibilita a diversificación das tecnoloxías para o tratamento de residuos (como os vertedoiros e a incineración), reducindo as emisións que estas tecnoloxías supoñen.
- A reciclaxe reduce as emisións que inflúen no cambio climático, ao evitar a necesidade de extraer e procesar novas materias primas, cos significativos beneficios esbozados neste folleto.
- A reciclaxe garante que os recursos permanezan na economía. Por exemplo, a reciclaxe de aluminio en Europa proporciona un suministro de aluminio local e fiable para as empresas da U.E.

A reciclaxe tamén ten outros importantes beneficios:

- É unha maneira efectiva de crear emprego.
- É unha maneira popular de involucrar ao público na acción medioambiental, o que está a converterse en algo extremadamente importante, dado que todos necesitamos unírnos para afrontar o reto do cambio climático.

É sorprendente que, con todos os beneficios que supón a reciclaxe, a U.E. aínda non establece obxectivos globais de reciclaxe de residuos domésticos e empresariais.

A axencia Medioambiental Europea (EEB) e Amigos da Terra (FoE) creen que a revisión da Directiva Marco sobre Residuos proporciona unha oportunidade perfecta para facer tales cambios.

EEB (European Environmental Bureau)

A Axencia Medioambiental Europea é unha federación de máis de 145 organizacións cidadáns medioambientais con base nos Estados Membros da U.E. e a maioría dos países aspirantes. www.eeb.org



FoEE (Friends of the Earth Europe)

Amigos da Terra Europa fai campaña a favor de sociedades xustas e sustentables e da protección do medio ambiente, reúne a máis de 30 organizacións nacionais con miles de grupos locais e forma parte de Amigos da Terra Internacional.

Traducción : IES Chantada Deseño : www.beeizepub.com

Como a reciclaxe Pode combatir o cambio climático



UN NOVO ESTUDIO LEVADO A CABO POIA AXENCIA EUROPEA PARA O MEDIO AMBIENTE (EEB) E AMIGOS DA TERRA EUROPA (FOEE) EXPLICA EN QUE MEDIDA A RECICLAXE BENEFICIA AO NOSO CLIMA


Por que a reciclaxe é importante?

A reciclaxe permite o uso efectivo de materiais, reducindo o impacto medioambiental de producir materiais virxes e transportalos a longas distancias para ser usados en produtos comprados posteriormente nas nosas tendas europeas. Por exemplo, facer aluminio a partir de materiais reciclados utiliza un 85% menos de enerxía que facelo a partir de materiais virxes.

Todas as oportunidades de reciclar!

Ainda que o novo estudo está enfocado cara os residuos municipais e domésticos, o seguinte gráfico amosa que a maior parte dos residuos xerados na U.E. e na Asociación Europea de Libre Comercio (EFTA) veñen da industria, o comercio, a construción e a demolición. Unha vez que os sistemas están instalados, este tipo de residuos é aínda máis fácil de reciclar que os residuos domésticos e poderían ofrecer grandes beneficios para o clima.

UE-15 + EFTA



- Residuo sólido municipal
- Manufacturas
- Minería canteiras
- Construción e demolición
- Produtor de enerxía
- Outras actividades

Fontes: Eurostat, 2007d; UN, 2006; SOE Federación Rusa, 2004

Como pode a reciclaxe beneficiar o noso clima?

A enerxía necesaria para a extracción e produción de materias primas e para transportalas ata as estacións de produción, resulta máis custoso enerxéticamente que reciclar os materiais. **Crear un circuíto de materiais coa reciclaxe é polo tanto máis beneficioso para o clima que simplemente queimar os residuos ou deixalos nun vertedoiro.**


A prevención é incluso mellor que a reciclaxe.

Se a reciclaxe é unha boa opción, previr os residuos en primeiro lugar é incluso mellor para o clima. Previr o uso de materiais aforra custos enerxéticos na extracción, manufactura e transporte, todo isto con grandes beneficios para o clima. Desafortunadamente, a cantidade de residuos que creamos en Europa segue a medrar, polo que necesitamos empezar, alomenos, por acordar un obxectivo de estabilizar a nosa xeración de residuos. **A estabilización aforrariáanos arredor de 1.1 bilións de toneladas de emisións de gases de efecto invernadoiro (en equivalente CO2) dende este momento ata o 2020.**



RATIOS ACTUAIS DE RECICLAXE MUNICIPAL NA U.E.

- por debaixo do 20% de reciclaxe
- entre o 20% e o 40%
- entre o 40% e o 50%
- mais do 50% de reciclaxe



Actualmente, os países da U.E. reciclan unha media de arredor dun 37% dos seus residuos municipais. Sen embargo hai grandes variacións entre os diferentes Estados Membros. Neste momento os Países Baixos reciclan un 63%, un de cada catro países da U.E. xa recicla máis do 50%. A reciclaxe europea actual reduce anualmente o equivalente a 158 millóns de toneladas de CO2, o cal é como sacar aproximadamente **55 millóns de coches das carreteras europeas**

O Parlamento Europeo propón un obxectivo para o 2020 da reciclaxe dun 50% dos residuos municipais para todos os Estados Membros. Se se aprobara, isto evitaría aínda máis gases de efecto invernadoiro - 247 millóns de toneladas de CO2 anuais- o cal é como **RETIRAR 87 MILLÓNS DE COCHES DA CARRETERA** cada ano.



E hai aínda máis espazo para medrar! Se cada país acadara o 65% de reciclaxe, o que varias rexións europeas xa fixeron, sería como **RETIRAR 107 MILLÓNS DE COCHES DA CARRETERA** anualmente. Deste xeito vese como a reciclaxe pode supoñer unha enorme diferenza para o noso clima.



O estudo completo esta dispoñible en: <http://www.eeb.org/activities/waste/documents/0208RecyclingandClimateChangeFINAL.pdf>